

10. Dereitos e recursos

En Galicia todas as vítimas de violencia de xénero recoñecidas pola normativa autonómica teñen dereito ás axudas dispoñibles para elas pola Administración autonómica, independentemente do percorrido penal que poida ter o caso. A información de primeira man sobre estes dereitos buscarémola no Centro de Información á Muller municipal e, no seu defecto, nos Servizos Sociais municipais.

No apartado 9 ("Dereitos e recursos") recolle toda a información relacionada cos dereitos das vítimas e coas entidades que deben favorecer o seu exercicio. En resumo, as vítimas teñen dereito a:

- recibir **información**, asesoramento e orientación para afrontar unha situación e saber de que poden dispoñer para superala
- **alertar** e comunicar uns feitos que poden ser constitutivos de delito
- interpoñer unha **denuncia** ante unha agresión
- recibir atención, terapia e **asistencia psicolóxica**
- recibir **axudas** para superar o dano causado
- asistencial e policial

É moi importante ter en conta que cando se produce a violencia de xénero non hai unha única vítima, posto que ademais das mulleres que adoitan ser as principais destinatarias dela, o círculo afectivo e familiar da vítima (nai, pai, fillos e fillas, irmáns ou irmás, parella actual, amizades) adoita ser destinatario da violencia do agresor co fin de agredilas a elas (isto é, a violencia vicaria).

No caso das persoas menores de idade, é importante incluír unha **perspectiva de dereitos da infancia** para poder ter en conta que son titulares de dereitos en canto persoas que son, que requiren unha especial protección do Estado pola condición de vulnerabilidade asociada á idade e que constitúen vítimas directas da violencia de xénero.

Ademais cómpre considerar que por veces vanse dar conflito de intereses ou confusión sobre que actuación debe darse. Nestes casos, debe primar o principio de **interese superior do menor** para garantir o seu desenvolvemento integral e unha vida digna coas condicións materiais e afectivas que precise.

9.1. Dereitos das vítimas de violencia de xénero

9.1.1. Protección da súa integridade física

- protección mediante **orde de protección** (para elas) / afastamento (para eles)
- protección mediante prohibición das comunicacións (por calquera vía, nin persoas interpostas) coa vítima
- acompañamento policial para recoller enseres da vivenda
- desprazamento para acudir a un piso de acollida
- seguimento policial (Forzas e Corpos de S. E.) nos casos nos que haxa orde de protección

9.1.2. Información e asesoramento

- información sobre os seus dereitos (OAT, CIM, quenda de garda)
- información sobre como vai ser o percorrido xudicial (OAT, CIM, quenda de garda)
- asesoramento xurídico antes da interposición da denuncia (OAT, CIM)

9.1.3. Asistencia xurídica

- asistencia letrada antes da interposición da denuncia
- **asistencia xurídica gratuíta** (xulgado de garda) durante o procedemento
- salvagarda da seguridade e da intimidade durante as declaracións testificais (OAT)

9.1.4. Asistencia psicolóxica

- terapia psicolóxica nos servizos municipais
- terapia psicolóxica en programas específicos para mulleres e menores (COPG)
- emisión dun informe psicosocial no que se recolla o seu estado emocional e psicolóxico (IMELGA)
- informe/valoración psicolóxica do CIM

9.1.5. Tutela legal da Administración

- regularización da situación administrativa no caso de mulleres vítimas procedentes do estranxeiro (específica)

9.1.6. Saúde sexual e reprodutiva

- protocolo de cribado de violencia de xénero
- dereito á interrupción voluntaria do embarazo (EVI) (seguindo a norma xeral)
- asistencia en risco de ITS

9.1.7. Dereitos educativos

- aplicación do protocolo de violencia de xénero
- adopción de medidas precautorias de protección, orientación e acompañamento e a debida vixilancia, no centro educativo ou en situacións que afecten ao centro de forma directa ou indirecta
- traslado de centro inmediato, dereito preferente na matrícula escolar
- adopción de medidas educativas de atención á diversidade e/ou doutras medidas de atención e recurso educativos na xestión do proceso de ensino-virtual, que se considere necesario habilitar de forma temporal, etc.
- axudas de comedor escolar e libros de texto
- axudas na matrícula de estudos oficiais (EOI)

9.1.8. Dereitos laborais

- redución de xornada laboral, adaptación do horario
- dereito á mobilidade xeográfica; traslado do persoal funcionario
- cambio nas condicións do posto de traballo (modalidade de teletraballo)
- suspensión do contrato de traballo con reserva do posto, con prestación por desemprego
- extinción do contrato de traballo, con prestación por desemprego
- xustificación das ausencias ou faltas de puntualidade motivadas pola situación
- posibilidades dun contrato de traballo (a través de subvencións a concellos)
- nulidade da fin do contrato ou do despedido por exercer os dereitos laborais

- pensión de xubilación anticipada
- pensión de viudedade
- protección por cesamento da actividade

9.1.9. Dereitos económicos

- axudas económicas directas a vítimas (pagamento único, pagamento mensual durante un ano)
- axudas á vivenda, solución habitacional de urxencia

9.2. Recursos de apoio e derivación

Nos cadros correspondentes detállanse a información relacionada cos distintos servizos.

9.2.1. Información, asesoramento e orientación

Educación: Asesoría de Igualdade, Inspección educativa

Concello: Centro de Información á Muller (CIM) / Servizos Sociais municipais

Xulgado: Oficina de Atención á Vítima

Entidades: Fundación ANAR, Fundación Meniños, Teléfono contra a violencia de xénero (016), Teléfono da Muller / Teléfono do Menor

9.2.2. Alerta, comunicación de feitos

Educación: Dirección do centro, Inspección educativa

Concello: Centro de Información á Muller (CIM) / Servizos Sociais municipais

Corpos policiais: Policía Nacional (UFAM), Garda Civil (EMUME),

Xulgado: Ministerio Fiscal

9.2.3. Denuncia

Corpos policiais: Garda Civil (EMUME), Policía Nacional (UFAM)

Xulgado: Ministerio Fiscal (Fiscalía de Menores), Xulgado de garda

9.2.4. Atención e asistencia psicolóxica

Xulgado: quenda de garda de atención psicolóxica de violencia de xénero, Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: programa de atención específica

Centro de Saúde: traballadora social

9.2.5. Asistencia sanitaria

Centro de Saúde: medicina de familia, matroa, urxencias

9.2.6. Seguimento

Corpos policiais: Policía Autonómica (Vioxén), Garda Civil (EMUME), Policía Nacional (UFAM)

Servizos de atención telefónica: Atenpro (Cruz Vermella)

9.2.7. Táboa de recursos

	información, asesoramento, orientación	asesoramento legal	alerta, comunicación	denuncia	asistencia xurídica	terapia psicolóxica, atención psicolóxica	información sobre recursos (axudas, emprego)	atención psicosocial, acompañamento	protección	tramitación de informes	acollemento
Centro educativo	X		X								
Asesoría de Igualdade (C. Educación)	X										
Inspección educativa (C. Educación)	X										
Centro de Información á Muller (CIM) / SS. Sociais	X	X	X	D.O		T	X	X			
avogado de oficio					X						
quenda de garda de atención psic. VX						A					
quenda de garda de asistencia xurídica gratuíta por VX Servizos de Orientación Xurídica					X						
Fundación ANAR	X										
Centro de Saúde (medicina de familia, matroa, traballadora social, urxencias)	X		X	D.O				X		X	
Teléfono contra a VX (016) Teléfono da Muller / Teléfono do Menor	X	X	X	X D.O				X			
EMUME (Garda civil)				X					X		
Policía Autonómica				X					X		
UFAM (Policía Nacional)			X	X							
Ministerio Fiscal (Fiscalía de Menores)			X	D.O							
Xulgados específicos de VX, xulgados asignados á VX											
Programas de atención específica a vítimas						T					
Oficina de Atención ás Vítimas do Delito	X	X						X			
Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)											
Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)						A					
Centro de Recuperación Integral da Muller (CRI) ¹						A					
pisos de acollemento familiar											X
Punto de coordinación das ordes de protección (C. Emprego e Igualdade)										X	
Programa Abramos o círculo (para homes agresores)						T					

¹Por derivación do CIM.

Servizos en Galicia: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>
https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Órganos xudiciais: <https://www.xustiza.gal/informacion-e-cita-previa>

Servizos en España: [ligazón](#)

	teléfono de contacto	correo electrónico	horario
AMINO Galicia (contra o abuso sexual infantil)	604 033 699 604 037 551 (form)	info@aminogal.es	Vigo L-V 10:30 a 13:00
Centro de Información á Muller (CIM) ligazón			horario de mañá
Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (CRI)	881-995286	cri.igualdade@xunta.gal	SdC
Centro de Saúde (medicina de familia, matroa, traballadora social, urxencias)			24 h
Consellería: Asesoría de Igualdade ligazón	881 997 598	asesoria.igualdade@edu.xunta.gal	9.00 - 15.00
Consellería: Inspección educativa ligazón			
Fundación ANAR (España) – ANAR Galicia	900 20 20 10 698 12 24 98		Oleiros
Fundación Meniños	900 400 273		AC,LU,OU,PO,VI
Garda civil	112		núcleos rurais 24 h
Garda civil (EMUME)	112 062		7 cidades 24 h
Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)	112	copgalicia@copgalicia.gal	24 h
Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA)	ligazón		7 cidades
Ministerio Fiscal (Fiscalía, Fiscalía de Menores) ligazón	881 996 220	fiscalia.santiago@xustiza.gal	7 cidades
Oficina de Atención ás Vítimas do Delito (xulgado)	881 881 132 (AC) 981 337 339 (FE) 981 540 358 (SdC) 982 889 063 (LU) 982 889 064 (LU) 988 687 186 (OU) 886 206 409 (PO) 986 805 992 (PO) 986 817 851 (VI) 886 218 434 (VI)		7 cidades
Policía Autonómica	981 546 474		SdC toda Galicia
Policía Nacional (UFAM)	112		24 h
Programa Abramos o círculo (para homes agresores)	630 170 140	prog-copg@copgalicia.gal	
Punto de coordinación das ordes de protección (C. Emprego e Igualdade)	981 957 482 981 545 367	vx.igualdade@xunta.gal	

	teléfono de contacto	correo electrónico	horario
quenda de garda de asistencia xurídica VX (activase para poñer a denuncia)			
quenda de garda de atención psicolóxica en casos de violencia de xénero	900 400 273 981 534 049	quendavx@copgalicia.gal	
Quérote+ ligazón	981 223 913 (AC) 881 997 613 (SdC) 982 241 732 (LU) 988 231 470 (OU) 986 095 977 (VI)	querotemais@xunta.gal	5 cidades 9.00 - 14.00 16.30 - 19.00 (luns e xoves) cita por videochamada
Servizos Sociais do Concello ligazón			
Teléfono contra a violencia de xénero ligazón	016 600 000 016 was	016- online@igualdad.gob.es	24 h
Teléfono da Muller (activa a quenda de garda psicolóxica)	900 400 273		Galicia 24 h
Teléfono do Menor	116 111		24 h
Xulgados específicos de VX ligazón xulgados asignados á VX xulgado de garda			24 h
Xunta de Galicia – Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero	981-957677	vx.igualdade@xunta.gal	8.00 - 15.00